

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 26 DE OUTUBRO DE 2009.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
Don Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

Dona Rocío Rey Sampayo.  
Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
Dona Amalia García Balado.  
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
Don José Antonio López Rodríguez.  
Don Juan Manuel Lourido González.  
Dona Rita María Couto Seijido.  
Don Manuel Polo Gundín.  
Dona Inés Roca Requeijo.  
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.  
Don Edgar Antonio Vigo López.  
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.  
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.  
Don Juan José Franco Casal.  
Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral.  
Don Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezasete horas e dez minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

Dona Pilar María Pastor Novo.

**1º.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 5/09.**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión extraordinaria celebrada en data 22 de outubro de 2009 que, transcrito di:

**“3º.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚM. 5/2009.**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2009 que, transcrita di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Ante a urxencia de incrementa-la partida de gasto que se relaciona na providencia de inicio do expediente, e visto o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun

importe de 60.00,00 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2008, prorrogado.

Tendo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o ditame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distinto grupo de función por importe de 6000,00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

#### **Partidas minoradas**

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
011/31005	Débeda pública. Intereses	6.000,00

#### **Partidas incrementadas**

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
611/349.00	Administración financeira. Outros gastos financeiros	6.000,00

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme ó disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, 16 de outubro de 2009.

O Alcalde

Asdo.: Iván Puentes Rivera”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose debate, a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de outubro de 2009, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López, Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4) dos/as Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **2º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.**

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 23 de outubro de 2009 que, transcrita di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 23 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E Nº 27 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES E DA ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS.**

En relación cos expedientes de modificación das ordenanzas fiscais nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica e nº 27 reguladora do imposto de bens inmobles, e da Ordenanza fiscal xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais, e vistos o informes emitidos pola Intervención municipal con data de 15 de outubro de 2009, así como o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais nº 23 reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica e nº 27 reguladora do imposto de bens inmobles da ordenanza fiscal xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais que se transcriben como no Anexo.

Segundo.- De acordo co previsto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados expóranse ó público por un período de trinta días mediante anuncio inserto no boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello e nun diarios dos de maior difusión dos da provincia por ser un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais.

En Fene, a 23 de outubro de 2009.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera

### **ANEXO**

#### **ORDENANZA FISCAL Nº 23, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo en relación co artigo 59 do mesmo texto legal, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 23 reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, modificándose nos seguintes termos:

Inclúese na citada ordenanza unha Disposición Adicional que quedaría redactada como se expón a continuación:

### **Disposición Adicional Primeira.**

1. En orden á aplicación das tarifas, o concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no Real Decreto 2822/98 de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos, tendo en conta ademais, para resolver as dúbidas de calificación que puideran plantexarse as seguintes normas:

2. En todo caso, a rúbrica xenérica de tractores a que se refire o epígrafe 4 das Tarifas, comprende aos Tractocamiós e aos tractores de obras e servizos.

3. A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de Circulación.

4. Para resolver as dúbidas de calificación que puideran plantexarse, utilizaranse subsidiariamente as seguintes normas:

1ª. Os vehículos definidos como Mixtos, Todo Terreno, Mixtos adaptables, Mixto Todo Terreno, Furgón Mixto adaptable, Autocaravanas, Monovolume e similares polo literal da clave numérica reflectado na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

- Si o vehículo estivera habilitado para o transporte de mais de nove persoas, incluído o conductor, tributará como autobús.

- Si o vehículo estivera autorizado para transportar mais de 750 kgs. de carga útil, tributará como camión.

- Os vehículos furgóns (clasificación 24, 25 y 26 do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos), tributarán aos efectos deste imposto, pola súa carga útil.

2ª. Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste Imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.

3ª. Os quads tributarán, ao igual que os cuatriciclos, pola súa cilindrada.

4ª. No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

5ª. No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non veñan obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o interese que se expedira a certificación correspondente polo organismo competente ou, no seu caso, cando realmente estean en circulación.

6ª. As máquinas autopropulsadas que poidan circular poas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

#### **Disposición final**

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Concello será de aplicación no exercicio 2010 logo da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### **ORDENANZA FISCAL Nº 27, REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo en relación co artigo 59 do mesmo texto legal, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal nº 27 reguladora do Imposto de Bens Inmobles, modificándose nos seguintes termos:

Modifícase o artigo 3º na citada ordenanza que queda redactado como se expón a continuación:

#### **TIPO DE GRAVAME.-**

##### **ARTIGO 3º.-**

De conformidade co previsto no artigo 72.3 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación:

- 1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no **0,64%** sobre o valor catastral dos mesmos.
- 2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no **0,64%** sobre o valor catastral dos mesmos.
- 3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no **1,3%** sobre o valor catastral dos mesmos.

#### **Disposición final**

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Concello será de aplicación no exercicio 2010 logo da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### **ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS.**

De conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Fene fai uso das facultades que a lei lle confire para a modificación da ordenanza fiscal xeral de xestión, e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais, modificándose nos seguintes termos:

Modifícase o artigo 11º na citada ordenanza que queda redactado como se expón a continuación:

## **ARTIGO 11. *Determinación da cota tributaria***

A cota determinarase:

Aplicando o tipo de gravame á base liquidable.

Segundo cantidade fixa sinalada ao efecto.

Segundo tarifas establecidas nas Ordenanzas Fiscais particulares.

Globalmente nas contribucións especiais para o conxunto dos obrigados a contribuír, pola porcentaxe do custo das obras e instalacións que se imputa ao interese particular, cun máximo do 90% do custo, distribuíndose a cota global por partes alícuotas entre os suxeitos pasivos, conforme a módulos que se fixarán na respectiva Ordenanza ou texto normativo.

Non se tramitará o procedemento recadatorio cando a cota líquida resultante total do tributo que se liquide, agás o caso do imposto sobre bens inmobles, non supere o importe de **3,00 €**

### **Disposición final**

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Concello será de aplicación no exercicio 2010 logo da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Fene, 23 de outubro de 2009

O ALCALDE

Asdo: Iván Puentes Rivera.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que a proposta está ditaminada favorablemente; que se trata dunha proposta que ten en conta a crise económica, polo que se incorporan pequenas modificacións na Ordenanza do imposto de vehículos de tracción mecánica, no que se inclúen os cars e autocarabanas; que a outra modificación relativa á Ordenanza do imposto de bens inmobles refírese á modificación do tipo das autoestradas e por último a modificación da Ordenanza fiscal de xestión, e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais; que a taxa da auga se pospón a súa actualización en función dos acordos da Xunta verbo do canon e tamén para que por parte de Intervención se faga un exame máis exhaustivo da documentación presentada polo concesionario.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido di que dende o BNG van a apoiar a proposta porque recolle na súa maior parte a súa idea de cómo teñen que ser as taxas e impostos para o ano dous mil dez; que consideran que ante unha crise económica grave, débense conxelar e non deberían subir; que comparten a idea de impoñer tributos aos vehículos que actualmente non tributan e de incrementar o IBI da autoestrada; pide que de cara ao vindeiro ano se fagan os estudos de taxas, para ver como están de equilibrados ou non os servizos e verbo dos impostos, facer unha comparativa con outros concellos, para obter datos obxectivos.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, di que van apoiar a proposta, xa que segue a moción que presentaron de conxelación das taxas, e que comparten a imposición de taxas de novos vehículos así como a subida do IBI da autoestrada.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que a proposta ven no sentido de conxelar as taxas polo que está de acordo ante a situación de crise existente e di que vai votar a favor.

Rematado o debate polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 23 de outubro de 2009, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 23 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

### **3º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.**

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión celebrada en data 22 de outubro de 2009 que, transcrito di:

### **“5º.- RESOLUCIÓNS DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2009 e Anexo á mesma que, transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

### **ASUNTO.- EXPEDIENTE PARA A IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA.**

En relación co expediente de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil e visto o informe emitido pola Intervención municipal con data de 9 de febreiro de 2009, pola Alcaldía de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proponse ó Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada por Dna. María Teresa Arcos Sánchez como Directora Xeral e en representación da entidade mercantil REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES segundo o informado pola Intervención.

Segundo: Resolta así a reclamación, acordar a aprobación definitiva da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil e a aprobación da redacción definitiva da ordenanza fiscal nº 29 reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil que se transcribe como anexo.

Terceiro: Os acordos de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza fiscal, deberán de publicarse non boletín oficial da provincia sen que entren en vigor ata a que sexa levado a cabo dita publicación.

Fene, a 9 de febreiro de 2009.

O ALCALDE

Asdo.- Iván Puentes Rivera

ANEXO

## **ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL.**

### **PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 de la Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Fene establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

### **Artigo 1. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

### **Artigo 2. Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da vía pública ou estean en relación cos mesmos.

### **Artigo 3. Responsábeis.**

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

### **Artigo 4. Exencións e bonificacións**

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

### **Artigo 5 . Base imponible e cota tributaria**

Para as empresas explotadoras de servicios de telefonía móbil (tanto de prepago como de contrato), a cota tributaria é o resultado de multiplicar o número de abonados ou clientes da empresa que teñan o seu domicilio no termo municipal de Fene polo 1,5 por 100 dos ingresos medios de operacións de telefonía móbil en todo o Estado.

Os efectos do que dispón o párrafo anterior, son ingresos medios por operacións en todo o Estado os resultantes de dividir a cifra de ingresos por operacións en todo o Estado dos operadores de telefonía móbil, polo número de clientes (prepago e contrato) de telefonía móbil en todo o Estado, segundo os datos que ofrece para cada exercicio o Informe Anual da Comisión Do Mercado de Telecomunicacións.

E dicir, a fórmula de cálculo será a seguinte:

**CT = Número de abonados empresa no concello x BI**

**BI = 1,5% x IMO**

Sendo:

CT =Cota tributaria

Número de abonados empresa: número de clientes no termo municipal de Fene da empresa explotadora de servicios de telefonía móbil.

IMO = IOm/núm. Clientes móbiles

Sendo:

IMO : son os ingresos medios de operacións en todo o estado

IOm : son os ingresos totales por operacións dos operadores de telefonía móbil en todo o Estado

Núm. Clientes móbiles: son o número total de clientes (prepago e contrato) de ditos servicios de telefonía móbil en todo o Estado.

### **Artigo 7. Devengo e período impositivo.**

A taxa devégase co inicio do uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local cando se comeza a actividade e o 1 de xaneiro en exercicios sucesivos, sendo o período impositivo da taxa o ano natural.

### **Artigo 8. Xestión.**

1.-As empresas explotadoras dos servicios de telefonía móbil contribuíntes da taxa deberán de presentar no concello, antes do 30 de abril de cada ano, no modelo que se aprobe en desenrolo desta ordenanza, declaración-liquidación correspondente ó exercicio inmediatamente anterior.

2.-A cantidade a ingresar, de forma simultánea á presentación da declaración-liquidación por ditas empresas, será o resultado de minorar a cota tributaria no importe dos pagos a conta realizados polo contribuínte no exercicio a que se refira.

3.-No suposto de que os pagos a conta realizados excedan da contía da cota da taxa, o importe do exceso compensarase no primeiro pago a conta que corresponda efectuar trala presentación da declaración-liquidación.

4.-As empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil contribuíntes pola taxa deberán autoliquidar e ingresar no Concello, cada trimestre, nos modelos que se aproben en desenrolo desta ordenanza, en concepto de pago a conta da taxa, a cantidade que resulte de aplicar o tipo do 1,5% á cuarta parte dos ingresos medios por operacións no termo municipal, calculados segundo os datos do último informe anual publicado pola Comisión Del Mercado de las Telecomunicaciones.

5.-A autoliquidación e ingreso dos pagos a conta realizarase nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á finalización de cada trimestre.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.”

Non producíndose intervencións, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se trata da taxa que se aprobou e que se someteu a exposición pública, presentáronse alegacións e a proposta está ditaminada por unanimidade.

De seguido polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de outubro de 2009, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA RECADACIÓN.**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión celebrada en data 22 de outubro de 2009 que, transcrito di:

### **“6º.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA RECADACIÓN.**

Deseguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 19 de outubro de 2009 que, transcrita di:

**“Proposta para o Pleno da Corporación para a delegación de competencias tributarias na Deputación Provincial de A Coruña.**

Visto o disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 8 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, relativos á posibilidade de delegación das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias e dos restantes ingresos de Dereito público que a lei reguladora das facendas locais lles atribúe ás entidades locais, na Comunidade Autónoma ou en outras entidades locais en cuio territorio estean integradas.

Vista a insuficiencia de medios persoais e materiais de que dispón o Concello para a axeitada xestión deste servizo, e vistas as bases da Deputación Provincial de A Coruña para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Delegar na Deputación Provincial de A Coruña o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas Bases para a prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas pola Corporación Provincial en sesión plenaria celebrada o día vinte e nove de xuño do ano dous mil un, todo elo respecto das seguintes materias:

-Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ou do imposto municipal que o complementa ou sustitúa no futuro.

-Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:

-Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.

-Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas entradas de vehículos a través de beirarrúas, e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

-Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal.

-Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outros ingresos de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

**SEGUNDO.-** Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles dende a data de publicación, para a presentación de alegacións ao mesmo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo elevarase a definitivo automaticamente.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios.

Fene, 19 de outubro de 2009.  
O Alcalde,  
Asdo.: Iván Puentes Rivera.”

Aberto o debate(..../....)

Rematado o debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica con oito(8) votos a favor en ( dos Sres./as Rodríguez Carballeira, Lourido González, García Balado, Rey Sampayo, Silvar Canosa, Franco Casal , Bértola Puente e Sánchez Martínez) , ningún voto en contra e coa abstención dos/as Sres./as Polo Gundín, Pico Sanmartín e Roca Requeijo , ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 19 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que a razón da delegación obedece a que esta Corporación tiña contratada a recadación nunha empresa, contrato que remata e non hai posibilidade de prórroga, polo que tiñan tres opcións, que se prestase polo propio Concello, delegar na Deputación ou iniciar un novo concurso; que a solución que lles parece mellor é a delegación na Deputación, xa que conseguiron que a Deputación poña persoal; di que se trata dun servizo, o da Deputación, bastante eficaz, e que en cambio, polo que respecta á empresa, a recadación en executiva baixou, todo elo sen prexuízo de que nun futuro poidan rescatar o servizo; di que esas son as razóns que os levaron a propoñer esta delegación.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o BNG entende que a recadación das taxas e impostos é unha competencia propia de todos os concellos e que en canto aos modelos, non teñen apriorismos creados; que en Fene vense prestando coma propio o servizo, que ten unha estrutura municipal importante; que entende que esta decisión é improvisada e que obedece á falla de proxecto, do que se quere para o Concello, xa que non hai un só informe que diga se o servizo vai ben ou mal; que a única xustificación que se di na proposta é a falla de medios persoais e materiais dos que dispón o Concello; que o contrato vixente actualmente fíxose fai dous anos e habería que o valorar; que a súa máxima preocupación é a atención os veciños/as, cun servizo propio, eficaz, eficiente e próximo aos cidadáns. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que hoxe en día o IBI e o IAE supoñen dous millóns e medio de euros e indica as cantidades que se van a trasladar á Deputación, que sumadas ao que xa se paga, están a falar de setenta e cinco mil euros máis o que se lles vai pagar, que farían un total de cento noventa mil euros; di que é un servizo que se podería prestar no Concello cun programa informático e un pequeno incremento de persoal; que eles son partidarios dun servizo de recadación propio, polo que non ven lóxica a presa coa que se saca, entregar á Deputación esa cantidade de cartos polo que recada sen máis que un Convenio marco coa Deputación Provincial da Coruña e sinala, ademais, que os amarra durante dez anos; que propoñen que se retire, que se busque unha solución transitoria porque entenden que o lóxico sería ter un servizo propio de recadación.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o PP vai votar a favor, porque xa o veñen solicitando dende o ano dous mil catro, xa que o Concello vai ingresar máis; que outra cousa é que no futuro se estude o ter un servizo propio de recadación, pero que non son os ventos que corren hoxe en día; que ten moitas dúbidas de que a porcentaxe que cobre a Deputación fora dabondo para montar aquí en Fene un servizo propio.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que ve positivo que se delegue na Deputación; que se o Concello tivera un servizo propio para facelo habería que facer este traballo, pero que ten dúbidas de que co servizo propio se poida facer polo mesmo prezo.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, di que non parten de posicións apriorísticas, que o mellor sería ter un servizo propio pero que o certo é que

agora a Deputación xa está a cobrar certos impostos e non se queixan; que tamén hai que ter en conta que á empresa se lle acaba o contrato, polo que teñen dúas opcións, facer un novo concurso ou delegar na Deputación; que en todo caso os resultados desta delegación se verán na práctica.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que fala de improvisación porque se fai a última hora, xa que se tiveron dous anos para facer contas e non se fixo nada; que en canto á vía executiva o setenta e cinco por cento o leva a Deputación; que por outro lado, en vados e cemiterio se recada o cento por cento e no lixo e vehículos por enriba do noventa por cento; que lle parece correcto que todo o mundo pague pero que o servizo en si mesmo non lle consta que fora deficiente, porque non hai ningún informe que verifique o que se di aquí; que en canto ao que se di de que logo xa se verá, hai que ter en conta que esta delegación é ata o dous mil vinte e catro, polo que non teñen marxe de manobra; que en todo caso, o convenio non indica a presenza no Concello desas tres persoas e das entregas a conta; que houbo tempo máis que suficiente para avaliar e negociar xa que había informes de tesourería; que entenden que tendo tesoureira e técnico de xestión, cun recadador e un auxiliar administrativo xa habería bastante para prestar o servizo propio; que non se presenta un informe da xestión actual e se toma un acordo comprometéndose ata o dous mil vinte e catro e por iso cre que é unha improvisación.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, di que o BNG estivo vinte e oito anos gobernando, tamén nestes dous últimos anos que gobernaron co PSOE e tiveron tempo dabondo para organizar o servizo de recadación; que dubida e incluso afirma que non se monta un servizo de recadación en Fene cun recadador e un auxiliar administrativo; que por outro lado, os distintos gobernos da Deputación colaboraron con este Concello, e o que lle estraña é que o BNG, que tivo un vicepresidente nela, teña tanta animadversión á Deputación.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que eles teñen os datos; que a empresa lles presentou unha especie de balance e admite que non o fixeron mal, pero que hai dúas cousas que non están ben, a pouca recadación executiva e a pouca domiciliación bancaria.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que eses datos os tería que ter presentado na Comisión, que xa dixo que non tiñan apriorismos; que entenden que é viable ir medrando nun servizo propio e reitera que están a facer unha entrega ata o ano dous mil vinte e catro, o que lle parece excesivo para logo retornar a un servizo propio; que dende o BNG, postos a facer un cambio, manterían unha situación transitoria para logo determinar a forma de prestación.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de outubro de 2009, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Rey Sampayo, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez).

Votos en contra: cinco (5) (dos/as Sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica adoptado en sesión celebrada en data de data 22 de outubro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES DESTE CONCELLO POR INFRACCIÓN DA NORMATIVA SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA E DA COMPETENCIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓN DA NORMATIVA SOBRE ESTA MATERIA.**

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de xullo de 2009 que, transcrito di:

**“3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE DESTE CONCELLO PARA INFRACCIÓN DA NORMATIVA SOBRE TRAFICO E VEHÍCULOS A MOTOR E DA COMPETENCIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓN DA NORMATIVA SOBRE ESTA MATERIA.-**

Dáse conta do informe e da proposta da Alcaldía de data 17 de xullo de 2009 que transcrita di:

**“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN.**

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial da Coruña con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do 1 de xullo de 2009 (núm. Rexistro 8497), no que se comunica que dito organismo está a sacar adiante un proxecto de colaboración e asistencia aos Concellos da provincia que consiste na posibilidade de que estes lle deleguen a instrucción dos expedientes municipais por infracción da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, así como os aspectos principias do proxecto.

Visto que as bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas por este Organismo, dispoñen na súa base terceira e que poderán levar a cabo esta delegación os Concellos usuarios dos servizos tributarios da Deputación que deleguen tamén, a competencia de recadación voluntaria e executiva das multas por infracción da normativa sobre esta materia conforme co que establecen as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

Tendo en conta que as citadas Bases para a prestación de servizos tributarios esixen á súa vez para delegar a recadación voluntaria e executiva das multas, a previa delegación das competencias enumeradas no apartado 1 (contido mínimo) da súa Base Terceira que por parte deste Concello se efectuou mediante acordo plenario do 7 de febreiro de 2007, de prórroga de delegación das competencias tributarias, aceptado por acordo Plenario da Deputación Provincial do 31 de xullo de 2008.

Considerando de interese para o Concello este proxecto de colaboración e asistencia aos Concellos da provincia que ofrece a Deputación Provincial da Coruña, propónse ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a delegación na Deputación Provincial da Coruña a instrucción dos expedientes deste Concello por infracción da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Segundo.- Aprobar inicialmente a delegación na Deputación Provincial da Coruña da competencia de recadación voluntaria e executiva das multas por infracción da normativa sobre esta materia conforme co que establecen as Bases para a prestación de servizos tributarios aos Concellos da provincia.

Terceiro.- Abrir un período de información pública mediante a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días hábiles para que poidan formularse alegacións. De non producirse durante o devandito prazo alegacións, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña.

Fene, 17 de xullo de 2009  
O Alcalde  
Asdo.- Iván Puentes Rivera”

A Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 17 de xullo de 2009 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que na Comisión pediron para posicionarse neste asunto cal era o volume de multas, cales se pagaron en período voluntario e cales o fixeron en executiva; que pediron iso porque podería ser razoable facer este traslado; que coma este dato non se lle deu, votarán en contra porque non se xustifica o que custará.

Non habendo máis intervencións polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de xullo de 2009, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) (dos/as Sres/as Puentes Rivera, Silvar Canosa, García Balado, Rodríguez Carballeira, López Rodríguez, Lourido González, Rey Sampayo, Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral, Sánchez Martínez).

Votos en contra: cinco (5) (dos/as Sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Vigo López).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 22 de xullo de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezasete horas e cincuenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace,  
O Alcalde-Presidente

A secretaria xeral,

Iván Puentes Rivera

Pilar María Pastor Novo

